

## Concello de San Sadurniño

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/10	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Cumprimento dos prazos para presentación solicitude Subvención DUS 5000 - Next Generation»
<b>Data</b>	31 de outubro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 18:30 ata as 18:56 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Secundino García Casal
<b>Secretario</b>	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	Araceli Bellas Castro	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32665954C	Lois Anxo Rodríguez Calvo	SÍ
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
32647647K	María Amparo Calvo González	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ



## Concello de San Sadurniño

32653802N	Tomás Calvo García	SÍ
-----------	--------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 731/2022. Subvención DUS 5000

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Con carácter previo ao debate do asunto da orde do día cómpre proceder á ratificación para aprobar a súa inclusión, de conformidade co sinalado no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Neste punto, sinálase por dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que a motivación da inclusión deste punto, único nun pleno extraordinario, ven dada pola necesidade de dar cumprimento aos prazos de solicitude da subvención.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que o seu grupo non está de acordo coa xustificación esgrimida, entendendo que moi recentemente tivo lugar outro pleno extraordinario e que o prazo de solicitude deste tipo de subvencións abriuse hai un ano, polo que estiman que non é axustado considerar a inclusión do punto da orde do día.

Sometido a votación, ratifícase a inclusión do punto da orde do día por 8 votos a favor dos grupos municipais do BNG e Mixto e 3 votos en contra do grupo municipal do PP.

A continuación iníciase o debate sobre o punto da orde do día con referencia á proposta de Alcaldía que se transcribe:

***Don Secundino García Casal, Alcalde do Concello de San Sadurniño, ao amparo do disposto nos artigos 41, 42, 49 e 50, do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co preceptuado nos artigos 21 e 22, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, somete á consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA en relación co Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.***

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto nomeado no cabezal da presente moción, ten por obxecto regular a concesión directa de axudas, a entidades locais contempladas no seu artigo 6, (con remisión expresa ao artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), que realicen investimentos correspondentes á promoción e execución dun ou varios dos seguintes proxectos singulares locais de enerxía limpa:

*Redución da demanda e o consumo enerxético en edificios e infraestruturas públicas.*

*Instalacións de xeración eléctrica renovable para autoconsumo.*

*Instalacións de xeración térmica renovable e de redes de calor e/ou frío.*

*Loita contra a contaminación lumínica, iluminación eficiente e intelixente Smart Rural e TIC.*



## Concello de San Sadurniño

### *Mobilidade Sostible.*

O prazo de inicio de presentación das solicitudes de axudas reguladas no nomeado Real Decreto atópase establecido no seu artigo 12, que o fixa desde as 13.00 horas do día 5 de novembro de 2021, ata que, conforme as solicitudes recibidas, esgótase o orzamento dispoñible ou que se cumpra o ano natural desde o inicio do prazo de presentación das solicitudes.

As Axudas que se queren solicitar desde este Concello, están relacionadas coas seguintes medidas:

**MEDIDA 1: Redución da demanda e o consumo enerxético en edificio e infraestruturas públicas.**

**MEDIDA 2: Instalación de xeración eléctrica renovable para autoconsumo.**

**MEDIDA 3: Instalacións de xeración térmica renovable e de redes de calor e/ou frío.**

**MEDIDA 4: Loita contra a contaminación lumínica, iluminación eficiente e intelixente, Smart rural e TIC.**

**MEDIDA 5: Mobilidade Sostible.**

A axuda máxima para asignar é con carácter xeral do 85% calculado sobre o investimento subvencionable realizada en cada proxecto, porcentaxe que poderá incrementarse ata o 100% no caso de que os proxectos teñan consideración de “proxectos integrais”.

Por todas estas razóns, **elévase para a súa aprobación polo Pleno Municipal deste Concello os seguintes acordos:**

**1º.- Aprobar a participación e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.**

**2º.- Aprobar para esta administración local, as actuacións descritas nas 5 medidas expresadas na presente moción, co compromiso de dotala orzamentariamente e de financeira con carácter previo á cobranza da axuda, condicionado a:**

**a.- a obtención da resolución de concesión da axuda.**

**b.- a concesión do anticipo da mesma que figura no Real Decreto, artigo 23.**

**3º.- Aprobar as memorias descritivas das actuacións a acometer e que compoñen o proxecto obxecto das axudas a solicitar.**

Estas axudas solicítanse mediante dúas solicitudes;

**Proxecto Integral de Enerxía Limpa do Municipio de San Sadurniño, Solicitud 1, onde se solicitan axudas contempladas nas Medidas 1, 2, 3 e 5, cun orzamento total de 1.598.462,85 euros.**

**Proxecto Integral de Enerxía Limpa do Municipio de San Sadurniño, Solicitud 2, onde se solicitan axudas contempladas na Medida 4, cun orzamento total de 2.790.024,44 euros.**

**4º.- Autorizar ao Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño á sinatura de toda a documentación necesaria e derivada das solicitudes de axudas amparadas polo precitado Real Decreto.**

Inicia o debate dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, indicando que quere aclarar que a motivación da convocatoria é a concurrencia do Concello ás subvencións DUS 5000, relativas aos fondos Next Generation, cun prazo que finaliza próximamente e respecto da solicitude, pola empresa que leva a asistencia na tramitación e redacción de proxectos aconsella un respaldo plenario á mesma, tendo en conta a súa importancia económica e a envergadura dos mesmos proxectos.

Sinala que se trata dunha solicitude de axudas e que o obxecto dos proxectos vai dentro das liñas do DUS 5000, liñas de concesión de axudas directas para investimentos dentro dun ámbito de enerxía limpa, proxectos de rexeneración... que identifican aos fondos Next Generation. O marco deste tipo de axudas contempla que deban seguirse unha serie de medidas nos proxectos, como a redución da demanda enerxética, a instalación de sistemas de enerxía renovable, a loita contra a contaminación lumínica ou a mobilidade sostible.



## Concello de San Sadurniño

Indica que son cuestións que no momento en que nos atopamos a vivir son especialmente relevantes polos custos da enerxía, que lastran a economía de todos os municipios, que vense obrigados a destinar fondos para dita finalidade que deixan de estar dispoñibles para outros investimentos e outros servizos para a poboación.

A continuación, relata que o acordo que se propón ao Pleno é dobre, implicando a participación e aceptación do Real Decreto 692/2021 polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, (PROGRAMA DUS 5000) e a aprobación das actuacións concretas que se pretenden solicitar, onde se plantexan as cinco medidas indicadas na proposta de alcaldía coa obriga de dotalas orzamentariamente con carácter previo, se ben condicionada á obtención da subvención e do seu anticipo. En concreto, sinala, trátase de dúas solicitudes, unha primeira de proxecto integral de enerxía limpa que contén as liñas 1, 2, 3 e 5, cun orzamento de 1.598.462,85€, dirixida a gañar eficiencia enerxética en edificios municipais, mencionando a Casa da Xuventude con instalación domótica e aproveitamento de enerxía solar; o Pazo da Marquesa, en orde a instalación de sistemas de calefacción por aerotermia... e en definitiva, sinala, unha aposta pola produción de enerxía limpa, plantexándose tamén a instalación de puntos de carga eléctrica de vehículos e a substitución de parte do parque móbil con combustible fósil por vehículos eléctricos. Por outra banda, a segunda solicitude tamén é un proxecto integral de enerxía limpa dirixido á liña 4, cun orzamento de 2.790.024,44€, dirixido á renovación do sistema de alumeadado público, medidas de sistemas de menor consumo e máis eficiente como a instalación de leds, establecemento de puntos de luz solares, o control lumínico do encendido e apagado do sistema de alumeadado...

Conclúe a súa intervención sinalando que, en definitiva, trátase de dirixir o consumo de enerxía cara un Concello máis sostible e gañar eficiencia no gasto obtendo recursos para outras finalidades para os veciños.

Cédese o turno da palabra a D. Lois Anxo Rodríguez, do grupo Mixto, que intervén para sinalar que valora positivamente a convocatoria en sí, sinalando que supón a existencia dunha convocatoria específica para concellos pequenos e supón á súa vez un cambio de política importante, pasándose de que hai uns anos existía o chamado "imposto ao sol" e actualmente apóstase polo fomento da enerxía limpa con financiación efectiva e non só con palabras. Expón que actualmente camiñase hacia un modelo máis sostible e entende que os concellos deben ser ambiciosos neste punto, celebrando que tanto o Estado Español como a Unión Europea manteñan a liña do sistema autosuficiente e sostible. Respecto da solicitude concreta, indica que probablemente non é a que faría él porque entende que cada un tería os seus propios obxectivos ou actuacións, pero que por algún lado hai que comezar e parécelle ben, considerando que é unha decisión do equipo de goberno.

Cédese o turno da palabra a Dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que indica que valora positivamente a solicitude por parte do Concello no eido da eficiencia enerxética. Indica, non obstante, que o seu grupo non comparte a urxencia e a necesidade dun pleno extraordinario porque entenden que o prazo de solicitude deste tipo de subvencións abriuse en novembro do ano pasado, que houbo tempo para realizala e que ao tratarse dunha subvención de concesión directa, que se obtén por orde de solicitude, estima que non haberá cartos para a do Concello.

Indica tamén que na semana pasada houbo xa un pleno que podería ter ido este punto ao pleno pasado ou os asuntos do outro pleno a este. E tamén pregunta si a reforma integral da galería da Casa Consistorial que se plantexou no pleno pasado podería entrar dentro destas axudas.

Toma a palabra dona María Muiño, do grupo municipal do BNG, para sinalar que na súa primeira intervención xa sinalou o motivo de que este pleno fora convocado para hoxe. Sinala que trátase dun proxecto que pola súa envergadura non se fai a curto prazo, e que o acordo plenario, aínda non sendo un requisito, sí se prantexou como unha recomendación a efecto de ter máis garantías na solicitude por obter o respaldo plenario. Indica que, ao seu entender, é curioso que se valore positivamente a cuestión pero se vote en contra da súa inclusión na orde do día.

Sinala que respecto da pregunta acerca da obra na Casa Consistorial (Pazo da Marquesa), a reforma da galería é unha cuestión de mantemento de patrimonio e estrutural, non cumpre os requisitos desta liña de subvención; asemade ten que haber intervencións aprobadas por Patrimonio e manter as condicións



## Concello de San Sadurniño

da edificación. O proxecto que ven na orde do día obedece a outras cuestións, sinalando que neste sentido está de acordo coa intervención de Don Lois Anxo Rodríguez de ir cara unha xestión autosostible e responsable, se ben quere matizar que estes concellos pequenos teñen que velar pola eficiencia tamén económica e tratar de xestionar os recursos da mellor forma posible, e a Administración Local está sufrindo de xeito importante a escalada de prezos pola que as compañías suministradoras de enerxía obteñen beneficios que estima vergoñentos. Considera que os recursos públicos deben ir destinados a manter e mellorar servizos propios e incluso improprios, indicando que por exemplo, en materia de dependencia non se cobra de financiación nin a metade do custo ou que no referente á gratuidade das escolas infantís estase adiantando esa gratuidade polo Concello xa que a Xunta aínda non aportou nada. Entende que é unha cuestión de responsabilidade pensar en medidas que, de cara a poboación, sirvan para ter as mellores instalacións posibles e o máis eficientes posibles.

Respecto da cuestión dos prazos, indica que valorar, facer memorias, identificar obxetivos, redactar proxectos e todo o traballo que hai detrás non se fai nunha semana. Sinala que o Concello non estivo sen facer nada dende a publicación da convocatoria senón que hai tempo de traballo en diferentes labores de identificación de cuestións onde centrar os proxectos, selección de proxectistas e outros, indicando tamén que trátase dun proxecto dunha envergadura que poucas veces vai ter o Concello.

Intervén Don Secundino García, Alcalde, para pechar o debate sinalando que a obra da galería non podía incluírse nestas liñas de axuda porque existe unha escala de eficiencia enerxética con valores por letras e que para poder optar a esta financiación debía asegurarse unha suba de alo menos dúas letras na escala de eficiencia, e non é o caso, cambiar a galería mellora a eficiencia pero non tanto. Sinala que hai un ano que se empezou a falar desta liña e que se abriu a mesma, sendo un mundo descoñecido e bastante lioso, incluso hai menos dun ano que se abriu unha oficina en A Capela para información sobre fondos da Transición Xusta, pero aí dan a información pero logo hai que redactar as propostas e leva bastante tempo. Sinala que, incluso, estase animando aos Concellos para pedir esta axuda, sendo que o prazo vence a semana que ven e moitos concellos de menos de 5000 habitantes non pediron aínda, considera que San Sadurniño non está tan mal cando días antes do remate do prazo prantexa xa proxectos concretos.

Lamenta que nunha decisión desta envergadura haxa un grupo que vote en contra de que se trate o tema pero sinala que afortunadamente hai unha maioría que sí aprobou a inclusión e, por tanto, pode debatirse e votarse a cuestión e, en definitiva, concorrer á subvención.

Finalizada a quenda de debate, procédeuse a someter o punto da orde do día a votación, aprobándose por unanimidade do Pleno da Corporación os seguintes ACORDOS:

**1º.- Aprobar a participación e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.**

**2º.- Aprobar para esta administración local, as actuacións descritas nas 5 medidas expresadas na presente moción, co compromiso de dotala orzamentariamente e de financeira con carácter previo á cobranza da axuda, condicionado a:**

**a.- a obtención da resolución de concesión da axuda.**

**b.- a concesión do anticipo da mesma que figura no Real Decreto, artigo 23.**

**3º.- Aprobar as memorias descritivas das actuacións a acometer e que compoñen o proxecto obxecto das axudas a solicitar.**

**Estas axudas solicítanse mediante dúas solicitudes;**

**Proxecto Integral de Enerxía Limpa do Municipio de San Sadurniño, Solicitud 1, onde se solicitan axudas contempladas nas Medidas 1, 2, 3 e 5, cun orzamento total de 1.598.462,85 euros.**

**Proxecto Integral de Enerxía Limpa do Municipio de San Sadurniño, Solicitud 2, onde se solicitan axudas contempladas na Medida 4, cun orzamento total de 2.790.024,44 euros.**

## Concello de San Sadurniño

---

4º.- Autorizar ao Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño á sinatura de toda a documentación necesaria e derivada das solicitudes de axudas amparadas polo precitado Real Decreto.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

